



## PREGUNTA ORAL SOBRE A XESTIÓN, PARTICIPACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA DO GRUPO DE CONCELLOS “ÁREA SANTIAGO”

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai escasos días, o Goberno do Concello de Lalín anunciou publicamente a súa intención de abandonar a agrupación de concellos “Área Santiago” e de non renovar o convenio que estivo vixente ata o pasado mes de decembro de 2016. Este concello pontevedrés, que forma parte da agrupación desde os seus inicios no ano 2013, sinalou que a motivación da súa decisión viña dada fundamentalmente polos incumprimentos habidos, citando expresamente a non remisión da conta xustificativa do ano pasado e a escasa rendibilidade dos preto de 4.000 euros que achegaba este Concello, posto que “van ser mellor aproveitados desde o punto de vista turístico para a cidadanía mediante unha xestión directa dos mesmos por parte do Concello”.

A decisión anunciada polo Concello de Lalín, vense a unir as rexistradas polos concellos de Teo, Brión e Ames, contribuíndo a debilitar unha agrupación que chegou a contar con dezanove concellos.

Para tratar de evitar esta situación, o Pleno do Concello de Santiago, por proposta do Grupo Popular, aprobou en febreiro de 2016 un acordo sobre a “Área Santiago” coa finalidade de impulsar as accións necesarias para potenciar o papel de promoción turística desta agrupación, incluíndo “as xestións tendentes a lograr a adhesión ou reincorporación de novos concellos, en especial do de Teo, Brión e Ames, na procura de incrementar, tanto o atractivo da zona, como as posibilidades de promoción e o acceso a vías de financiamento das súas actividades”.

Atendendo a todo o anterior, o Grupo Municipal Popular formula a seguinte pregunta:

- ***Cal é o motivo polo que non se ten enviado o balance de xestión anual aos concellos de “Área Santiago” e que previsión se manexa para a sinatura do novo convenio de colaboración e para o novo Plan de Acción desta entidade para o ano actual?***

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2017

María Ángeles Antón Vilasánchez  
Concelleira do Grupo Popular